



Santiago de Compostela, 10 de Decembro de 2007.

Amigos e amigas:

Como ben sabedes, CONVIVE+ é un proxecto da Iniciativa Comunitaria EQUAL da Unión Europea encargado de deseñar novos métodos de promoción da igualdade de oportunidades no mercado de traballo, ademais de potenciar a creación de redes de cooperación, para facilitar a participación activa do colectivo migrante no desenvolvemento de políticas de apoio e potenciar o seu asociacionismo no ámbito empresarial, mostrando sempre especial atención ao fomento e a competitividade das empresas de Economía Social.

Polo tanto, e logo das inxerencias manifestadas na xornada realizada o pasado 24 de novembro no edificio da EGAP en Santiago de Compostela na que tivemos como eixo central un dos elementos máis importantes na xestión das organizacións: a captación de fondos, queremos presentarvos uns novos **servizos de asesoramento** encamiñados a fortalecer a capacidade de xestión de proxectos e captación de recursos **do asociacionismo de inmigrantes e emigrantes retornados de Galicia**.

As solicitudes destes servizos de asesoramento, xa está a vosa disposición a través da web www.asociacionismo.org polo que simplemente vos animamos a participar, quedando a espera das vosas consultas.

Un agarimoso saúdo.

PROXECTO EQUAL - CONVIVE MAIS